

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL VIGO-ZOO

#### Bolsas de emprego

#### *CONVOCATORIA DE DOS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN DE VIGO-ZOO PARA O PERÍODO 2015\_2016*

A presente convocatoria de bolsas de formación foi aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, en sesión de data 10 de Abril do 2015.

#### *CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN DE VIGOZOO PARA O PERÍODO 2015-2016*

#### *PRIMEIRO.—OBJECTO.*

1.1 En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo (en adiante, OO.AA. VigoZoo) convoca a concesión de bolsas para a realización de prácticas no Departamento de Educación Ambiental para o período 2015-2016.

#### *SEGUNDO.—NÚMERO DE BOLSAS.*

2.1 Convócanse 2 bolsas para a realización de prácticas no Departamento de Educación Ambiental que o OO.AA. Vigo-Zoo porá en funcionamento para no período 2015-2016:

2 bolsas de 12 meses de duración de 80 horas mensuais de reforzo ao persoal do Departamento de Educación e que cubrirían tamén os fins de semana e festivos en quendas cando sexa necesario.

#### *TERCEIRO.—DOTACIÓN.*

3.1.—A cantidade da convocatoria ascende á totalidade de 10.800,00.-€, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3371.481.00.00 “Premios, bolsas,estudios e investigación”, do orzamento para o ano 2015 do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Bolsas: Dotación anual bruta individual de 5.400,00 €. ( Total bolsas = 10.800,00€).

3.2.—Ademais, se subscribirá un seguro individual de accidente para cada unha das bolsas, que será imputado á partida 3371.224.00.00, “Primas de Seguros”, do orzamento correspondente o ano 2015.



3.3.—O pago se efectuará por mensualidades vencidas correspondendo a cada unha delas a parte proporcional do importe total da beca.

#### **CUARTO.— PUBLICACIÓN E PRAZO.**

4.1.—A presente Convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no xornal de maior difusión da localidade se informará do obxecto da Convocatoria e data de publicación do Boletín Oficial da Provincia.

4.2.—O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **QUINTO.— SOLICITUDES.**

5.1.—As solicitudes serán presentadas no Rexistro do OO.AA. VigoZoo, dentro dos 10 días hábiles seguintes á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro, o prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.2.—Os solicitantes deberán indicar no formulario de solicitude, no lugar indicado para elo, a baremación da documentación presentada, para posteriormente ser revisada pola Comisión de avaliación.

#### **SEXTO.—DURACIÓN DAS BOLSAS.**

6.1.—As bolsas comezarán, en principio, o 1 maio do ano 2015, rematando o 30 de abril do ano 2016.”

#### **SÉTIMO.—PRAZO RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.**

7.1.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

7.2.—A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A practica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

Vigo, 10 de abril de 2015.—A Presidenta, M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

A Presidenta do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, asina o presente Anuncio por decreto de delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo de data 29 de xullo do 2014.

